



**Círculo Cultural Recreativo y Deportivo
DE LA VILLA DE PERLIO**

ESTATUTOS

ORIXINALES

DO

C. C. R. y D. de PERLIO



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Delegación Provincial

Edificio Administrativo Monelos
Praza de Luis Seoane, s/n.
15071 A CORUÑA

RESOLVO

Inscribi-la modificación dos Estatutos da Entidade da que se trata e visa-los novos, ós sós efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución.

Contra a presente resolución poderá interpoñerse recurso de alzada ante o Excmo. Sr. Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ó da notificación desta resolución; ou calquer outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Xúntase un exemplar de Estatutos selados por este centro.

A Coruña, 7 de novembro de 2005
A XEFA DO SERVIZO DE INTERIOR


Margarita Olmo-Bosco



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Delegación Provincial

Edificio Administrativo Monelos
Praza de Luis Seoane, s/n.
15071 A CORUÑA



**SOCIEDADE CÍRCULO CULTURAL, RECREATIVO
E DEPORTIVO DE PERLÍO
(C.C.R.D. de Perlío)
RÚA SAN SALVADOR, 12 - PERLÍO
15500 - FENE
A Coruña**

Código : 110124

Asunto : Modificación Estatutos Asociación 1966/000042 /1 (AC)

No día de hoxe a Delegada Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza dictou a seguinte Resolución.

Examinado expediente sobre modificación dos Estatutos da Entidade denominada **SOCIEDADE CÍRCULO CULTURAL, RECREATIVO Y DEPORTIVO DE PERLÍO**, de Fene, inscrita por Resolución do 26 de marzo de 1966, correspondéndolle o nº **1966/000042-1 (AC)** do Rexistro Provincial de Asociacións e tendo en conta os seguintes

FEITOS

Que a Asemblea Xeral Extraordinaria da Entidade, celebrada o día 2 de maio de 2004, acordou a modificación dos seus Estatutos para adaptarse á L.O. 1/2002 e afectan algunhas das modificacións realizadas ós seguintes extremos rexistrals:

DENOMINACIÓN: SOCIEDADE CÍRCULO CULTURAL, RECREATIVO E DEPORTIVO DE PERLÍO (C.C.R.D. de Perlío)

DOMICILIO: RÚA SAN SALVADOR Nº 12 – PERLÍO - FENE

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: Que esta Delegación Provincial é competente para resolver sobre a inscrición solicitada, de conformidade coa Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación en relación co Real Decreto 1639/1996, do 5 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Asociacións e Orde do 26 de setembro de 1996.

Segundo: Que na adopción do acordo de modificación cumpríuse o disposto nos Estatutos Sociais, que o mesmo non altera a natureza xurídica da Entidade e que na documentación presentada non se aprecia que concorran os supostos contemplados nos números 2 e 5 do artigo 22 da Constitución.

Terceiro: Vistos os preceptos legais citados e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Amplia Cart
José Fernández

H

Osar de Oje



Aprobada a Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, a Asemblea Xeral Extraordinaria da sociedade CIRCULO CULTURAL, RECREATIVO E DEPORTIVO DE PERLÍO, constituída con data 02 de maio do 2004, en concordancia co disposto na Disposición Transitoria Primeira (asociacións inscritas), da L.O. 1/2002, do 22 de marzo, acordou adaptar os estatutos da sociedade, vixentes dende a fundación da mesma, e que esta pasase a rexirse polos presentes estatutos, así como pola Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, polo artigo 22 da Constitución, así como pola demais lexislación existente en materia de Asociacións que fosen de aplicación, constando os novos estatutos dos seguintes artigos:

ARNEY

CAPITULO I
DENOMINACIÓN, DOMICILIO, FINS E ÁMBITO

Artigo 1º.- A SOCIEDADE CÍRCULO CULTURAL, RECREATIVO E DEPORTIVO DE PERLÍO (C.C.R.D. de Perlío) constituíuse na Vila de Perlío, termo municipal de Fene (A Coruña) o 18 de agosto de 1959, sendo unha Asociación sen ánimo de lucro, aberta a todas aquelas persoas interesadas en pertencer á mesma e o seu carácter é o de Social, Cultural, Recreativo e Deportivo. Para isto, e con obxecto de gozar dunha maior flexibilidade, dividiuse en tres seccións (Cultural, Recreativa e Deportiva), as cales disfrutarán, dentro da unidade social, de certa autonomía.

Artigo 2º.- O C.C.R.D. de Perlío ten o seu domicilio social na Rúa San Salvador, nº 12 de Perlío (Fene) e as súas instalacións recreativas e deportivas, no domicilio social citado e no lugar denominado "Os Pinares" da mesma Vila.

Artigo 3º.- O obxectivo primeiro da Sociedade C.C.R.D. de Perlío é contribuír á promoción social-cultural-recreativa-deportiva, en tódalas súas facetas, da vila de Perlío. Para iso levará a cabo todo tipo de actividades encamiñadas a ese fin.

Artigo 4º.- O ámbito elixido para o desenvolvemento das actividades da Sociedade é o correspondente á parroquia de Perlío, sito no termo municipal de Fene (A Coruña), así como os seus arredores.

Artigo 5º.- Para o cumprimento dos seus fins, a sociedade poderá adquirir e posuir bens, mobles e inmobles de toda clase, enaxenalos, pignoralos, hipotecalos e gravalos, así como formalizar contratos de todo tipo.

De igual modo, o C.C.R.D. de Perlío, poderá realizar, entre outras, as seguintes actividades:

- a). Informarse e informar sobre disposicións oficiais.
- b). Organizar cursos, conferencias ou actividades análogas.
- c). Organizar unilateralmente, como Asociación ou en colaboración con outras asociacións e/ou Administracións, actividades tales como escolas deportivas, culturais, artesanais e tecnolóxicas.
- d). Editar e difundir publicacións periódicas ou puntuais para manter informados ós socios.

M. Silveira



Luisa Fernández

José María Cal
José M. Fernández

#

Acadofage/ur



e). Elaborar os estudos que considere convenientes e elevalos ás autoridades competentes na materia.

f). Colaborar con outras Asociacións de análogas características nas actividades e fins propios das mesmas.

g). Realizar calquera outra actividade que en beneficio dos fins esenciais de esta Sociedade, poida resultar de proveito para a mesma ou para a comunidade.

Artigo 6º.- Esta sociedade carece de todo tipo de significación política ou relixiosa.

Artigo 7º.- Esta sociedade ten unha duración de carácter indefinido e só se disolverá conforme o disposto nos presentes estatutos, pola vontade dos socios expresada en Asamblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente, rexirase según os principios democráticos expresados no marco da Constitución Española, así como polo resto do vixente ordenamento xurídico.

CAPITULO II **DOS SOCIOS**

Artigo 8º.- Os socios distribúense da seguinte forma:

- a). Socios de número.
- b). Socios protectores.
- c). Socios de honor.

Artigo 9º.- Poderán ser socios de número da Sociedade C.C.R.D de Perlío, todas aquelas persoas con capacidade de obrar e non suxeitas a ningunha condición legal para o exercicio do dereito, que oportunamente soliciten o seu ingreso, estando aberta a admisión de socios.

Para ingresar como tal, deberá suscribirse ó boletín de inscrición correspondente, avalado coa firma de dous socios e sendo aprobada a alta na Sociedade pola Xunta Directiva, tendo en conta que o aspirante sexa persoa con boa conduta social e moral. Das novas altas darase conta na primeira Asamblea Xeral Ordinaria.

Non obstante o anterior, os menores non emancipados de máis de catorce anos co consentimento, documentalmente acreditado, das persoas que deban suplir a súa capacidade, sen prexuízo do previsto na lexislación específica para estes casos, poderán ser admitidos como socios de número, sempre que cumpran os requisitos establecidos no presente artigo.

Artigo 10º.- Serán socios protectores, todas aquelas persoas, físicas ou xurídicas que polos beneficios prestados a Sociedade, ésta lles confire tal distinción. A proposta levarase a cabo pola Xunta Directiva, previo trámite da audiencia á persoa física e xurídica que se pretende distinguir, reunida na Xunta Xeral Ordinaria ou extraordinaria, ou polo menos un cinco por cento dos socios de número, adquirindoo no momento de ser aprobada a distinción todos os dereitos dos socios de número, senon o fosen ya con anterioridade. A condición de Socio protector únicamente poderá ser revocada pola Asamblea Xeral, na forma establecida nos presentes estatutos.

M. Salas Toranzo

José B. ...
ANANSA

[Signature]

[Signature]

José B. ...

Bruno Pardo
José M. Fernández

#

Acordo/agenda



Artigo 11º.- Serán nomeados Socios de Honor aquelas persoas que por meritos relevantes se fagan acreedores de tal distinción. Este nomeamento será otorgado polo Consello de Administración da Xunta Directiva.

Artigo 12º.- Os socios gozarán dos seguintes dereitos:

a). A participar nas actividades do C.C.R.D. de Perlío e nos órganos de goberno e representación, a exercer o dereito ao voto, así como asistir á Asamblea Xeral de acordo cos presentes Estatutos. Recoñécese os anteriores dereitos ó conxuxe ou parella de feito legalmente constituída do socio de número, mediante delegación documentalmente acreditada, sempre que exista a imposibilidade de asistencia do socio de número.

b). A ser informado respecto da composición dos órganos de goberno e representación do C.C.R.D. de Perlío, do seu estado de contas e do desenrolo da súa actividade.

c). A que se lles provea de carnés de beneficiario ao seu cónxuxe e fillos menores de dezaoto anos, sempre que estes convivan no domicilio familiar e dependan económicamente de el. Cando estas circunstancias subsistan despois dos dezaoto anos, o socio poderá solicitar da Xunta Directiva a continuidade de estos beneficios. Cando os fillos alcancen a independencia económica, poderán causar alta como socios de número, pagando a cota mensual correspondente, e quedando exentos da cota de entrada. Estos mesmos dereitos contemplanse para os orfos de pai e nai, sempre que un deles fora socio de número no momento do seu falecemento.

d). Tódolos socios poderán solicitar tarxeta de invitación, valedeira por un mes, para aqueles forasteros-familiares que se atopan accidentalmente na localidade e sempre que non pertenza ao municipio. Esta tarxeta daralles dereito ó disfrute completo da Sociedade, excepto festivos, para os que terán que retirar a oportuna invitación, ó prezo que se fixe en cada momento.

e). A solicitar Asemblea Xeral Extraordinaria, sempre que o fagan polo menos un dez por cento dos asociados e indicando por escrito o motivo da convocatoria.

f). A ser ouvido con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra el e a ser informado dos feitos que den lugar á adopción de tales medidas, debendo ser motivado o acordo que, no seu caso imponha a sanción.

g). A impugnar os acordos dos órganos da Asociación que estime contrarios á lei ou ós presentes Estatutos.

h). O socio que se ausente da localidade por un tempo non inferior a seis meses, poderá pedir baixa temporal e obter de novo a alta ao seu regreso, sen abono de cota de entrada, nin perda dos seus dereitos, se o solicita dentro dos trinta días seguintes á data da súa volta a localidade. Se a Xunta Directiva se lle ofreceran dúbidas sobre a mesma, poderá esixir que se acredite a data de regreso.

i). Ao cumprir os dez anos como socio, e sempre que se teña a cota de entrada totalmente desembolsada, os socios de número adquiriran unha expectativa de dereito, en virtude da cal, se algún día a Sociedade se disolvese, por calquera causa, cada socio transformaría dita expectativa nun dereito decisorio, de acordo cos trámites establecidos no artigo 41º.

Artigo 13º.- Os socios posuirán os deberes seguintes:

a). Compartir as finalidades da Asociación e colaborar para lograr a consecución das mesmas.

Marta Torro

José M. Fernández

J. A. R. A. N. S. E.


[Signature]

[Signature]

Dulce Fernandez

Guillermo Cabal
Jose M. Fernandez

H
Acadofagefu



b). Pagar as cotas, derramas e outras aportacións, na cuantía e forma que establecen no artigo seguinte.

c). Dentro das instalacións da Sociedade, mostrar sempre que algún empregado ou membro da Xunta Directiva o solicite, o carné de socio.

d). Non penetrar nas instalacións da Sociedade con ningunha clase de animais. Non obstante o anterior, autorízase á Xunta Directiva a permitir a entrada de animais, sempre que formen parte de algunha actividade puntual e concreta da Sociedade, velando polo cumprimento da normativa sanitaria.

e). Acatar cumprir os acordos válidamente adoptados polos órganos de goberno e representación da asociación.

Artigo 14º.- Os asociados deberán satisfacer as seguintes cotas: de entrada e mensual. As cuantías serán fixadas pola Xunta Directiva e aprobadas pola Asamblea Xeral. En casos moi excepcionais e debidamente xustificados, poderá a Xunta Directiva suspender temporalmente o seu cobro a Socios que o soliciten e sempre que a situación económica da Sociedade, no momento da solicitude, permita dita decisión.

Artigo 15º.- O falecemento dun socio de número o seu conxuxe, poderá pasar a tal clase de socio, pagando a cota mensual establecida e quedando exento de cota de entrada.

Artigo 16º.- Os socios que causen baixa a petición propia, pola falta de pago, sen deixar de residir dentro do ámbito de esta sociedade, ou por expulsión disciplinaria, e queiran reingresar na mesma, pagarán a cota de entrada que entón rixa. As persoas que perdesen a condición de socios por expulsión disciplinaria, non poderán ser readmitidas, salvo por acordo da Asemblea Xeral.

Artigo 17º.- Incompatibilidades. Quen perciba soldo, xornal ou esteña ligado á sociedade por contrato de servizos, non poderá ser socio da mesma, nin disfrutar dos beneficios que éstos teñen recoñecidos. Non obstante, por acordo da Xunta Directiva, poderán concederse a aquelas persoas os beneficios que se consideren oportunos. Caso de ser socio con anterioridade a prestar estes servizos, pasará á situación de baixa temporal.

CAPITULO III **DOS ÓRGANOS DE GOBERNO . A ASEMBLEA XERAL**

Artigo 18º.- A Asemblea Xeral é a reunión de Socios, convocados oficialmente pola Xunta Directiva mediante notificación enviada ao seu domicilio na que expresará data, hora e obxecto da reunión.

Os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen ós negativos. Non obstante requirirán maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade, os acordos relativos á modificación dos estatutos, disposición ou enaxenación dos bens e remuneración dos membros dos órganos de representación.

Artigo 19º.- Clases de Asembleas:

Ha Pilar Tomo



José Antonio
R. ARNISO

[Handwritten signature]

Dulce Ferrnández

Jose M. Hernandez

H

Quardo/agelur



ORDINARIA: Celebrarase tódolos anos, precisamente no primeiro trimestre para a discusión e aprobación da xestión e contas do ano que rendirá conta á Xunta Directiva, estas estarán a disposición dos socios que desexen examinalas, dende a data da convocatoria. Nela discutiranse os asuntos e programas de actuación que a Xunta Directiva propoña e os que, ao seu debido tempo e por escrito, formulen polo menos un cinco por cento dos socios. Procederase a elección de cargos vacantes na Xunta Directiva. Nesta Asemblea, e na orde do día, figurará un capítulo de rogos e preguntas, no que calquera socio poderá facer unha proposta, a que será tomada ou non en consideración co arranxo ó disposto no artigo anterior, tanto para a súa discusión inmediata, como nunha posterior asemblea.

EXTRAORDINARIA: A Xunta Directiva, por si ou a petición de cando menos un dez por cento dos socios, poderá convocar Asemblea Xeral Extraordinaria para a discusión de asuntos concretos, dos que a resolución compete á Asemblea. Como nas Asembleas Ordinarias, os socios serán convocados a domicilio por papeletas que expresen o día, hora e motivo da mesma. Nestas asembleas so poderán ser discutidos os asuntos que figuen na orde do día.

Artigo 20º.- A convocatoria de Asembleas rexirase polas seguintes normas:

As convocatorias cursaranse ós socios polo menos quince días con antelación á data sinalada para a súa celebración.

Os socios, en número de polo menos un cinco por cento, que desexen presentar unha proposta para a súa discusión na Asemblea Ordinaria, deberán remitila por escrito á Xunta Directiva coa suficiente antelación, para que poida ser incluída na orde do día de dita Asemblea.

As Asembleas de ambas clases, celebraránse en primeira e segunda convocatoria.

En primeira, sempre que os socios asistentes acaden a metade máis un, e en segunda, media hora máis tarde, calquera que sexa o número dos presentes. Os acordos que se tomen serán válidos a tódolos efectos.

Non poderán transcorrer máis de vinte días entre a data en que a Xunta Directiva reciba a petición de Asemblea Xeral Extraordinaria, e a celebración desta.

Artigo 21º.- Réxime de Asembleas:

Para asistir ás Asembleas poderá esixirse a presentación do carné de socio e o recibo do mes en curso.

A dirección das mesmas corresponderá ó Presidente, quen concederá a palabra, por estrito orde, os socios que o soliciten.

O Presidente centrará as discusións no tema que se debate, cuidando que as intervencións non se desvíen de el, polo que poderá chamá-la atención a quen incurra en dito defecto, así como no último extremo, retirá-la palabra a quen persista en tal actitude. Esixirá que se expliquen e retiren os conceptos ou frases malsoantes ou ofensivas que no curso da Asemblea puideran producirse, quedando facultado para suspender o debate nos casos en que estime que a súa autoridade non é acatada.

Todo socio en uso da palabra non poderá ser interrompido por ninguén, salvo polo Presidente para os casos citados no parágrafo anterior.

Aberta a discusión, se ningún socio pedira a palabra en contra, terase aprobada a proposición. Se houberse proposicións en contra se procederá a votación.

Non poden concederse máis que dous turnos en pro e dous en contra para discutir as proposicións, e unha respectivamente, para as enmendas. Cando o asunto

José de los Angeles
J. Anaso

[Signature]

[Signature]

M.ª Pilar Ferrás




Dulce Ferrás

Buenos días
José M. Fernández

#

José de la Cruz



sexa de especial importancia, o Presidente, de acordo coa Asemblea, poderá conceder ampliación de turnos.

Fora de esos turnos, poderán pedir novamente a palabra para rectificar ou aclarar falsos conceptos e interpretacións quenes intervisen no debate, pero faranno coa maior brevidade, cinguíndose aos conceptos erróneos que se lle atribuíran na discusión.

En caso de alusións, o aludido poderá facer uso da palabra fora de turno, previa autorización do Presidente.

Artigo 22º.- As votacións rexiránse polas normas seguintes:

Poderán ser por aclamación, sentados e levantados, nominalmente e por votación secreta mediante papeletas.

Na elección para a renovación dos cargos da Xunta Directiva, a mesa estará constituída polo Presidente, o Secretario, dous membros da Xunta Directiva e dous socios pesentes na Asemblea, estes últimos en calidade de escrutadores, para o cal estos anotarán nas súas respectivas listas o nome do socio que votase, cercionándose ao mesmo tempo da súa calidade de tal.

Teranse por non postos nas papeletas os nomes dos socios que non resulten lexibles, así como os que en orden de colocación excedan do número dos que deben ser elixidos.

Nos casos de empate, repetirase a votación e se novamente resultase empatada, decidirá o Presidente co seu voto de calidade.

Rematado o escrutinio, fixarase no cadro de anuncios o resultado da elección, con expresión única dos socios que resultasen elixidos.

Unha vez elixido para un cargo da Xunta Directiva, dito cargo será obrigatorio, gde balde e honorífico, podendo ser reelixido.

Dende a data para a convocatoria para renovación da Xunta Directiva ata despois de celebrarse a elección de cargos, estará a disposición dos socios no local, o Libro de Socios ós efectos oportunos.

DA XUNTA DIRECTIVA

Artigo 23º.- A Xunta Directiva encargada do goberno do C.C.R.D. de Perlío, poderá compoñerse de: Presidente, tres Vicepresidentes, Secretario, Tesoureiro e seis Vocais.

Artigo 24º.- Será preciso para ocupar algún cargo na Xunta Directiva ser socio durante un ano, e para o cargo de Presidente tres anos, salvo que por razóns determinadas, a Asemblea Xeral dictamine rebaixar estes períodos.

Artigo 25º.- Competencia dos membros da Xunta Directiva:

PRESIDENTE: Será o representante legal da Sociedade en tódolos actos, tanto interiores como exteriores.

Será quen autorice os documentos que emanen da Sociedade, quen contrate o seu nome, quen otorgue poderes a terceiros, quen presente reclamacións xudiciais, gubernativas e contencioso-administrativas, quen presente as accións e opoña as excepcións de toda índole ante os Tribunais, etc.

So poderá, sin embargo, acudir aos tribunais ordinarios en nome da Sociedade, cando preceda acordo da Xunta Xeral; pero non executará os demais actos sen acordo da Xunta Directiva, salvo en casos de urxencia, debendo dar conta a esta na primeira

M.ª Salas Formas



José de la Cruz
J. Adams

[Handwritten signature]


[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

Dulce Formas

Benigno Cabal
Jose M. Anido

H
Alcaldes/ur



sesión que se celebre, a cal deberá tamén comunicá-las resolucions de importancia adoptadas en canto ó rexime interior da Sociedade.

Correspondelle fixar tamén a orde do día; abrir, dirixir e levantar as sesións, tanto nas Xuntas Xerais como nas da Directiva das posesións dos seus cargos aos empregados do Círculo e impoñer sancións ou dirixir amonestacións aos empregados ou aos socios, dentro das súas facultades, previo acordo da Xunta Directiva.

VICEPRESIDENTES: Primeiro, Segundo e Tereceiro, encargaránse por ese mesmo orde das seccións Cultural, Recreativa e Deportiva.

Sustituirán ó Presidente, por orde, de Primeiro a Terceiro, no caso de ausencia ou enfermidade de este e o auxiliarán no desempeño do seu cargo.

SECRETARIO: Extenderá a orde do día, de acordo co Presidente, para as Xuntas Xerais ou de Directiva; dará conta en ditas Xuntas, das comunicacións e documentos de toda clase que deban coñecerse; publicará as votacións; levantará actas de tódalas sesións, dando conta de todo o que ocurra nas mesmas; redactará cantos documentos emanen da Xunta Directiva ou da Presidencia; firmará os documentos que vaian autorizados polo Presidente; otorgará á Xunta Directiva as cantidades que xulguen necesarias para os gastos ordinarios de oficina; ordenará e custodiará o arquivo da Sociedade e expedirá as certificacións dos acordos da Xunta directiva e da Asemblea.

TESOUREIRO: Recibirá e pagará as cantidades que consten nas contas e libramentos visados polo Presidente. Intervirá na entrada e saída de fondos, formado un balance mensual de situación para examen da Xunta Directa, o cal quedará posteriormente a disposición dos socios, na forma que establece o artigo 12-b. O final do ano, a 31 de decembro, fará balance xeral do movemento de fondos para presentalo á Asemblea Xeral Ordinaria anual, coa Memoria da Xunta Directiva. Suscribirá os recibos das cotas.

VOCAIS: Auxiliarán ós Vicepresidentes nas súas funcións, con arranxo na seguinte orde: Vocais 1º e 2º, o Vicepresidente 1º; Vocais 3º e 4º, o Vicepresidente 2º; Vocais 5º e 6º, o Vicepresidente 3º. Encargaranse ademáis dos cometidos que por acordo da Xunta Directiva se lles sinalen.

Artigo 26º.- Reunións da Xunta Directiva.

A Xunta Directiva reunirse nos seguintes casos:

- a). Cando o estime necesario o Presidente.
- b). Cando o pidan polo menos tres dos seus membros.
- c). En todo caso, polo menos, unha vez ó mes.

Os seus membros serán convocados a domicilio coa antelación necesaria. Para que os acordos que se adopten sexan válidos, será precisa a asistencia da metade máis un dos membros.

Todo membro da Xunta Directiva que, sen causa xustificada, deixe de asistir a tres reunións consecutivas, ou a cinco alternas, dentro do mesmo ano, causará baixa no seu cargo.

Artigo 27º.- Deberes da Xunta Directiva:

Realizará os seus cometidos interpretando fielmente os preceptos do Regulamento da Sociedade e cumprimentando cantas leis ou ordes superiores existan.

Atenderá as reclamacións, peticións ou proposicións dos socios, dándolles a solución que proceda, de acordo co establecido e coas facultades que posúa.

M. Salas Tomas Co



Jaide
C. Ar. Noso
[Signature]
[Signature]
Dulce Fernandez

Isabelia Carro
José M. Fernández

H

Decadido / age / u



Todo directivo, aínda cando non figure como "vocal de semana", e en ausencia deste, ten a obriga de intervir en calquera incidente que xurda na Sociedade resolvendoo se cae dentro da súa competencia, ou dando conta á Xunta Directiva para a súa resolución, se non poidese darlla no momento.

Artigo 28º.- Facultades da Xunta Directiva:

Aparte das regulamentarias, posuirá as seguintes:

- a). Resolverá as dúbidas que se presenten ao aplicar estes estatutos e as cuestións que no mesmo non fosen previstas. Tomará aqueles acordos que sexan urxentes na súa resolución, dando conta á Asemblea Xeral cando esta celebre. Poderá nomear as comisións e ponencias que estime convintes para o estudo e xestión de todos aqueles asuntos que pola súa importancia o requiran. Estas comisións ou ponencias poderán ser de número variable e estar ou non presididas por un membro da Xunta Directiva.
- b). Regulará as normas as que han de axustarse os festivales, conferencias, actos, manifestacións deportivas, etc.
- c). Poderá ceder os locais ou instalacións deportivas, sempre que non se entorpeza a vida cotiá da Sociedade, a os socios ou entidades ou asociacións que así o soliciten, para a celebración de xuntas ou reunións particulares. As peticións faranse por escrito, expresando o día, hora e obxecto da reunión, número aproximado dos concurrentes e entidade ou persoa que teña que presidila, se os asuntos a tratar son compatibles cos fins da Sociedade, o Presidente autorizaraas por escrito, fixando o canon a satisfacer, segundo o obxecto da reunión e segundo o acordo da Xunta Directiva que exista con tal motivo. Autorizadas estas reunións, farase público o lugar, día e hora da súa celebración, para que os socios se absteñan de penetrar nel, a menos que fosen expresamente invitados ou convocados. Todas estas reunións poderán ser intervidas polo Presidente do C.C.R.D. de Perlío.
- d). Regulará o permiso ou a prohibición de xogos, de acordo coas leis, fixando o canon correspondente a cada un deles.
- e). Executará fielmente os acordos adoptados na Asemblea Xeral, sen alteralos o máis mínimo ao darlles cumprimento. A este fin faranse constar íntegras nas actas que se levanten das sesións, as proposicións aprobadas e as enmendas admitidas. Cando por calquera circunstancia allea á vontade da Xunta Directiva, resulte ser imposible ou difícil a execución do acordo, convocará a Asemblea Xeral Extraordinaria, coa premura que requira a súa importancia e transcendencia, para que se modifique ou amplíe so fora necesario, determinando a forma de remover os obstaculos que se opoñan ao seu cumprimento.
- f). Dos acordos adoptados na Asemblea Xeral darase conta polo Secretario na primeira sesión que a Xunta Directiva celebre se procederá o seu cumprimento.
- g). Redactará o Regulamento de Réxime Interior, que será aprobada por si mesma, co último requisito de que non poderá opoñerse ó establecido nos presentes Estatutos. Poderá ser modificado en calquera momento pola mesma Xunta Directiva.

José M. Fernández

L. ARANZO

[Signature]

[Signature]

José M. Fernández

Artigo 29º.- Elección de cargos directivos:

- 1) Os cargos da Xunta Directiva serán nomeados na Asemblea Xeral Ordinaria.
- 2) Como orientación, establécese o seguinte sistema pre-electoral:

Quince días antes da Asemblea Xeral Ordinaria, a Xunta Directiva comunicará os socios que poidan presentarse as candidaturas, tanto para a totalidade dos cargos vacantes, como para un so cargo en particular. Ditas candidaturas deberán ser entregadas no local social, co escrito no que conste a conformidade de todos e cada un


M. J. F. Fomas



Santiago Carles
José M. Fernández

H

Secundage/eur



participado nos feitos motivo do expediente, non poderá formar parte da Xunta de Aprobación de dita proposta, nin de ningunha outra relacionada con tal expediente.

Artigo 31º.- Suspensión dos dereitos de socio:

Os socios poderán ser suspendidos nos seus dereitos de disfrute da Sociedade, coa obrigaçión de seguir pagando as súas cotas e durante un tempo non inferior a quince días, nin superior a tres meses, previo acordo da Xunta Directiva, polas seguintes causas:

- a). Os feitos que se citan nos apartados c) e d) do artigo 30º, cando non deban ser calificados como graves.
- b). Por ceder o carné de socio a outra persoa.
- c). Por non gardar a debida compostura en todo momento, sempre que vaia precedida a oportuna chamada de atención e o aludido reincida.

A segunda sanción de suspensión non será inferior a mes e medio, e a terceira será de expulsión.

José M. Fernández
FERNANDEZ

CAPITULO V
DA DEPENDENCIA

Artigo 32º.- O persoal empregado para o servizo da Sociedade o formará aquel que estime necesario a Xunta Directiva, e sempre que as posibilidades presupuestarias o permitan. Calquera vacante ou aumento que se produza no persoal empregado, deberá ser cuberto mediante concurso de méritos, convocado publicamente.

Artigo 33º.- As xornadas de traballo, os soldos e condicións laborais, entenderáanse ó estipulado polas leis. As obrigaçións do persoal, segundo as categorías, se rexirán ademais, polo Regulamento de Réxime Interior.

Artigo 34º.- En canto as faltas cometidas polos empregados, os socios limitaranse a poñelas en coñecemento da Xunta Directiva para a súa corrección ou sanción, si procede.

[Handwritten signature]

CAPITULO VI
PATRIMONIO, ADMINISTRACIÓN E RÉXIME FINANCIERO

Artigo 35º.- O patrimonio do C.C.R.D. de Perlío fórmanno o local social, sito na rúa San Salvador, nº 12 de Perlío, as instalacións recreativas e deportivas actuais, así como as que nun futuro pasen á propiedade da Sociedade valoradas actualmente en 528.270,08 €

Artigo 36ª.- Obrigacións documentais e contables:

a). Establecese que se deberá contar cunha relación actualizada dos asociados, así como a obrigatoriedade de levar unha contabilidade que permita obter unha imaxe fiel do patrimonio do C.C.R.D. de Perlío, do resultado e da situación financeira da entidade, así como das actividades realizadas, así como a obrigatoriedade de contar cun inventario dos bens da sociedade. Todo o anterior levarase adiante conforme o disposto na normativa vixente que resulte de aplicación. O exercicio económico coincide co ano natural.


[Handwritten signature]



Dulce Ferrnandez

Amalia Paula
Jose M. Fernandez

#7
Record of age fees



b). Os asociados poderán acceder a toda a documentación que se relaciona no apartado anterior, nos termos previstos na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro de 1999, sobre a protección de datos de carácter persoal.

c). As contas se aprobarán anualmente pola Asemblea Xeral.

Artigo 37º.- A administración do C.C.R.D. de Perlío queda confiada á Xunta Directiva, quen suxeitará no seu exercicio os acordos da Asemblea Xeral.

Artigo 38º.- Os presupostos constitúen a norma económica da Sociedade e deberán ser aprobados pola Asemblea Xeral.

Artigo 39º.- Son recursos do C.C.R.D. de Perlío:

- a). O importe das cotas sociais, amortización, obras, etc. que satisfarán os socios.
- b). Os importes das actividades sociais que determinasen obrigación de pago por parte do socio, taxas de servizo, cafetería, etc.
- c). Os donativos, herencias, legados e subvencións que recibira a Sociedade dos socios, entidades ou simpatizantes.
- d). O importe de calquera cota que acordará a Asemblea Xeral.
- e). Calesqueira outros que emanasen do seu patrimonio.

CAPITULO VII
DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 40º.- Para reformar os Estatutos, total ou parcialmente será preciso que se aprrobe na Asemblea Xeral, e se someta a súa aprobación noutra posterior de carácter extraordinario, convocada ó efecto.

Unha vez aprobada a modificación, en concordancia coa lexislación vixente, establecece que deberá ser obxecto de inscrición no prazo dun mes, e só producirá efectos tanto para os asociados como para terceiros, dende a data na que se producira a súa inscrición no Rexistro de Asociacións correspondente.

Artigo 41º.- Disolución do C.C.R.D. de Perlío:

a). Esta sociedade non poderá disolverse senon por acordo das dúas terceiras partes dos socios de número, aprobado na Asemblea Xeral Extraordinaria convocada ó efecto, así como por causas determinadas no artigo 39º do Código Civil e por sentenza xudicial firme.

b). No caso de disolución, actualizarase o inventario prevenido no artigo 36.1 destes estatutos e subastarase, previo anuncio, sendo preferidos os socios para a súa adquisición, cando haxa igualdade de ofertas entre postores. O produto da venda destinarase á amortización de obrigacións e pagos de deudas se as houbera, e si resulta algún sobrante, éste será destinado ós fins que os socios de número que reúnan as condicións establecidas no apartado i). do artigo 12º dos presentes Estatutos consideren máis importantes, optando entre a doación a outra asociación inscrita no rexistro municipal de asociacións que teña uns fins semellantes ós da asociación que se dissolve, ou deixando o haber resultante en custodia do Concello de Fene, para o beneficio do pobo de Perlío, e transcorrido un prazo de 25 anos, si se volvea a constituir a Sociedade volvería a recuperar o seu patrimonio.

c). Os membros da Xunta Directiva no momento da disolución convertiranse en liquidadores, salvo que estos sexan expresamente designados pola Asemblea Xeral Extraordinaria que acorde a disolución da sociedade. Corresponderá ós liquidadores:

M.ª Sílvia Juncos



Jose M. Fernandez
L. AF. NCSO
[Signature]
[Signature]
[Signature]
[Signature]
[Signature]